



TRES REIS EN BICICLETA



Van tres reis en bicicleta
Que nunca tiveron unha...
Un camelo, unha mula
unha vella furgoneta.

E non paraban de rir.
Tirrín-tirrín!
Dálle que dálle ao pedal.
Tirrín-tirrán!
"Ese croio non o vin",
que co rin que co ran!
E foi Melchor polo chan.

Van tres reis en bicicleta
Pasan vales, montes, pozas,
están cansos das carrozas
e da cativa etiqueta.

E non paraban de rir.
Tirrín-tirrín!
Dálle que dálle ao pedal.
Tirrín-tirrán!
Esvaroulle o perruquín.
Que co rin que co ran!
E foi Gaspar polo chan.

Van tres reis en bicicleta,
con rodiñas de escolar.
Os mantos semellan ás
de zouponas bolboretas.

E non paraban de rir.
Tirrín-tirrín!
Dálle que dálle ao pedal.
Tirrín-tirrán!
Un abellón galopín... Ai!
Que co rin que co ran!
E foi Baltasar polo chan.



E se os reis non che deixaron
Nin pan, nin pandereta,
Foi culpa..., da bicicleta!

